

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE Nº:
2020/G007/000002.**

Excma. Sra. D.^a Lara Méndez López, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar, por medios telemáticos, o vindeiro **xoves, día 29 de outubro de 2020, ás 10:00**, de acordo coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

1/104 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO EXCMO. CONCELLO PLENO, CELEBRADA O DÍA 25 DE XUÑO DE 2020.

A) PARTE RESOLUTIVA

FACENDA LOCAL

2/105 MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 103, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.

3/106 MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 116, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) MUNICIPAIS.

4/107 MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 202, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

5/108 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 153, REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA.

6/109 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 201, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

7/110 MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 105, REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS, DERRIBAS, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5733086666760737054.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-10-2020

8/111 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 152, REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA.

9/112 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

INTERVENCIÓN

10/113 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 16-2020. REPARO 63/2020

11/114 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 17-2020. FACTURAS PLENO MES DE OUTUBRO 2020.

URBANISMO

12/115 APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DA PARCELA "E.1.2" DO VIAL H DO PARQUE EMPRESARIAL "AS GÁNDARAS".

13/116 APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DA PARCELA "E.1.3" DO VIAL H DO PARQUE EMPRESARIAL "AS GÁNDARAS".

CULTURA

14/117 RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 5885/2020 DO 13/10/2020 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS, RELATIVO AO SINALAMENTO DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2021.

PROPOSICIÓNS

15/118 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 253/2020 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA DE CONVIVENCIA CIDADÁ.

16/119 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 254/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON LIQUIDADAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017 COMO CONSECUENCIA DA IMPLANTACIÓN DO SUBMINISTRO INMEDIATO DE INFORMACIÓN (SII).

17/120 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 255/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE AS ÁRBORES COAS

QUE SE HUMANICEN OS ESPAZOS PÚBLICOS DE LUGO NON SEXAN ALERXÉNICAS.

18/121 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 256/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MINIMIZAR O EFECTO NEGATIVO SOBRE OS PLACEIROS NO PROCESO DE RECONVERSIÓN URBANA NA CONTORNA DO MERCADO MUNICIPAL E A PRAZA DE ABASTOS.

19/122 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 257/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O CONTROL DO CORONAVIRUS EN AUGAS RESIDUAIS.

20/123 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 258/2020 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A PROLONGACIÓN DO ANO 2021 DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS ADICADO A CARVALHO CALERO.

21/124 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 261/2020 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DARLLE UNHA NOVA UTILIDADE Á ANTIGA SEDE DE ASPNAIS.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

22/125 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DE APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA ALCALDÍA: MEDIDAS RESPECTO DOS INCUMPRIMENTOS, DEBILIDADES, DEFICIENCIAS E ERROS POSTOS DE MANIFESTO POLA INTERVENCIÓN XERAL ATENDENDO ÁS RECOMENDACIÓNS EXPOSTAS NO SEU INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2019.

ACTAS E GOBERNO

23/126 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2020, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

24/127 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA MODIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 19005684, DO 1 DE XULLO DE 2020, DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.

PERSOAL

25/128 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO LEVANTAMENTO DO REPARO AOS DECRETOS 4500/2020, 4559/2020 E 4585/2020 RELATIVOS AOS SERVIZOS

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5733086666760737054.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-10-2020

EXTRAORDINARIOS DA POLICÍA LOCAL, EN XUÑO DE 2020; DA BRIGADA DE VÍAS E OBRAS, POLA OFRENDA DO ANTIGO REINO DE GALICIA; E DE DIVERSO PERSOAL PARTICIPANTE NO PROCESO ELECTORAL AO PARLAMENTO DE GALICIA, PREVISTO PARA O 5 DE ABRIL DE 2020 E POSTERIORMENTE DEIXADO SEN EFECTO.

ROGOS E PREGUNTAS

Notifíqueselles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno, sen prexuízo da súa remisión por correo electrónico xuntamente con esta convocatoria.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,